

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

4133 Orde ARM/573/2010, do 4 de marzo, pola que se modifica o anexo do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura.

O Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura, establece os requisitos que deben cumprir os animais da especie canina para a súa inclusión no libro xenealóxico correspondente, e os criterios para o recoñecemento oficial daquelas entidades que pretendan a súa xestión.

A dita disposición incorpora nun anexo a lista das razas caninas españolas cos seus prototipos raciais.

O obxecto desta orde é modificar o dito anexo incluíndo a raza pura canina española Pachón Navarro. A inclusión desta raza foi proposta polo Comité de Razas de Gando de España na súa reunión do día 21 de xuño de 2006. Na actualidade, en virtude da disposición derradeira terceira do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras, as referencias que se fagan no Real decreto 558/2001, do 25 de maio, ao Comité de Razas de Gando de España, enténdense feitas á Comisión Nacional de Coordinación que regula o citado Real decreto 2120/2008, do 26 de decembro.

Na tramitación desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e mais os representantes dos sectores afectados.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira terceira do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, que faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, na actualidade de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, para a modificación e inclusión no anexo de novas razas caninas, contando co informe previo do Comité de Razas de Gando de España.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. Modificación do anexo do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura.

Inclúese no anexo do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura, a raza pura canina española Pachón Navarro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 4 de marzo de 2010.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Elena Espinosa Mangana.